


Jenaro Marinhoas del Valle (1908-1999): A memoria viva dun século de Historia da Galiza

[María Pilar García Negro]



Jenaro Marinhoas: memoria activa do século XX. Non só pola evidencia cronolóxica de a súa vida ocupar a práctica totalidade do século XX, decisivo por tantos factores na historia da Galiza, senón, e sobre todo, por ser modelo de galego moderno, isto é, fiel á súa Terra, leal coa súa patria, intelectual e escritor que, lonxe de calquer tentación de abandono en tan duras circunstancias como as que impuxo o desenlace da guerra civil española, continuou a tecer, amorosa e intelixentemente, a súa tea de significar, no teatro, na poesía, tamén na presenza pública vinculada ao nacionalismo galego contemporáneo, a Galiza toda.

Integrante das Irmandades da Fala; membro fundacional das Mocidades Galeguistas; discípulo que foi de Castelao ou de Suárez Picallo..., resulta ser un dos máis modernos, renovadores e adiantados autores do teatro galego contemporáneo, que, con limitadas edicións da súa obra en vida, hoxe podemos coñecer integralmente mercé á publicación da súa produción dramática completa realizada por Alexandrina Fernández Otero e Lino Braxe. O labor destes estudiosos, como o afán de Pablo González Mariñas e doutros membros da familia, unidos ao traballo rehabilitador de entidades como a Agrupación Cultural da Coruña "Alexandre Bóveda", a Asociación Socio-Pedagóxica Galega ou a Asociación de Escritores en Lingua Galega (da que fora nomeado membro de honra), así como da inestimábel colaboración institucional da Concellalía de Cultura do Concello da Coruña, permite agora, a cen anos do seu nacemento, conmemorarmos debidamente a efeméride, nun acto de xustiza, de reubicación da nosa historia cultural e dunha memoria histórica galega merecente de tal nome.

Como Ricardo Carvalho Calero, Jenaro apuntouse á rectificación da historia da Galiza. Respeitando a tradición, desbota o tradicionalismo, mesmamente por lesivo para aquela. Profundo coñecedor da diacronía literaria galega, dedicou, en silencio e nun traballo constante de servizo a unha literatura galega que, malia todo, debía continuar e modernizarse á altura dos tempos, deixounos páxinas inmejorábeis do mellor teatro que se escribiu no século XX e que pede a gritos unha socialización

(leitura; coñecemento escolar; encenacións e representacións por toda a nación...) a que estas Xornadas desexan contribuír directamente.

Sabedor de que a lingua galega, e a cultura nela desenvolvida, teñen todo a gañaren na relación coa cultura portuguesa e en lingua portuguesa, practicou sempre aquel presuposto de estreitar vínculos con ela, herdado do nacionalismo galego de preguerra. Non demitiu nunca daqueles compromisos adquiridos xa na súa primeira xuventude e mantidos durante toda a súa vida. Porque xoven foi sempre e en contacto coa xente moza e coas xeracións posteriores á súa -que tanto e tan ben aprendemos del- estivo decote e, singularmente, nos seus derradeiros anos de vida. Sabedores nós, hoxe, de que todo llo debemos a persoas como Jenaro Marinhoas del Valle e de que a actual sincronía galega só se pode explicar e só ten sentido na recordación viva de tanta entrega intelectual e patriótica como a que el representou, convidamos a todo o público da Coruña, e da Galiza toda, a (re)coñecérmonos nel, na súa obra e no seu exemplo.



No cumio da Curota —na Barbanza— con Xosé Lois Seixo, Bautista Álvarez, Bieito Lobeira, Pilar García Negro, Marica Campo, Jenaro Marinhoas, Luz Rivas, Alberte Ansedo, Xoán Costa e Pilar Pallarés